

BASES DE SELECCIÓN “SALCEDA MOZA AO MUNDO”

1. CONTEXTO

Nun concello cunha elevada poboación nova resulta fundamental impulsar políticas educativas que favorezan a formación integral do alumnado e amplíen as súas oportunidades académicas e profesionais. A concesión de bolsas para que o alumnado 1º de bacharelato poida viaxar a países de fala inglesa, a través do programa Salceda moza ao mundo, constitúe unha iniciativa de gran valor educativo, social e cultural.

O coñecemento de linguas estranxeiras, especialmente o inglés, é hoxe unha competencia clave nun mundo globalizado. A inmersión lingüística nun país de fala inglesa permítelle ao alumnado mellorar de maneira significativa as súas habilidades comunicativas, ao tempo que desenvolve a autonomía persoal, a madurez e a capacidade de adaptación a novos contextos. Ademais, estas experiencias amplían as posibilidades de acceso a programas lingüísticos no estranxeiro con independencia da situación económica das familias, baseándose exclusivamente en méritos académicos e situacións familiares de vulnerabilidade específicas (violencia de xénero, terrorismo, discapacidade, etc).

2. OBXECTIVOS

Os principais obxectivos desta iniciativa son:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado en lingua inglesa, especialmente na expresión e na comprensión oral.
- Fomentar a confianza, a independencia e o espírito crítico da mocidade.
- Promover a apertura cultural e o respecto pola diversidade.
- Apoiar a igualdade de oportunidades no acceso a experiencias educativas internacionais.
- Reforzar o compromiso do Concello coa educación e co futuro da súa poboación moza.

3. DESCRICIÓN DO PROXECTO

Durante dúas semanas da época estival tres alumnas ou alumnos de 1º de bacharelato realizarán unha viaxe ao Reino Unido, onde recibirán un curso xeral de inglés composto por 20 clases de 45 minutos de duración cada unha.

As persoas participantes non poderán ter menos de 16 anos de idade o día 25 de xullo de 2026.

O aloxamento será con familias nativas, para tratar de garantir a mellor experiencia cultural e lingüística posible. O alumnado aloxarase en habitacións individuais en réxime de media pensión (almorzo e cea).

A bolsa incluírá: voos, taxas, traslados dentro do destino, o aloxamento coa familia con media pensión, seguro médico e o abono transporte. Está valorada en 2.430 € por persoa.

4. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Poderán solicitar a súa participación na iniciativa “Salceda moza ao mundo” aquelas persoas empadroadas en Salceda de Caselas que cursen 1º de bacharelato e que teñan cumpridos os 16 anos, como moi tarde, o 25 de xullo de 2026.



As solicitudes presentaranse no impreso oficial a través do Rexistro xeral ou da Sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas entre o 11 e o 21 de maio de 2026.

As persoas seleccionadas daranse a coñecer o 25 de maio de 2026 a través do número de teléfono que se facilite no momento da inscrición.

5. BAREMO

| Critérios de selección do alumnado participante¹ |
|--|
| <p>1. Nota media de todas as materias da ESO²</p> <p>a) Nota media entre 9 e 10: 2 puntos</p> <p>b) Nota media entre 8 e 8,99: 1,5 puntos</p> <p>c) Nota media entre 7 e 7,99: 1 punto</p> <p>d) Nota media entre 6 e 6,99: 0,5 puntos</p> |
| <p>2. Nota media de todas as materias de 1º de bacharelato (1ª e 2ª avaliación)²</p> <p>a) Nota media entre 9 e 10: 2 puntos</p> <p>b) Nota media entre 8 e 8,99: 1,5 puntos</p> <p>c) Nota media entre 7 e 7,99: 1 punto</p> <p>d) Nota media entre 6 e 6,99: 0,5 puntos</p> |
| <p>3. Nota media na materia de INGLÉS da ESO e de 1º de BAC (1ª e 2ª avaliación)</p> <p>a) Nota media de 10: 2 puntos</p> <p>b) Nota media entre 9 e 9,99: 1,5 puntos</p> <p>c) Nota media entre 8 e 8,99: 1 punto</p> <p>d) Nota media entre 7 e 7,99: 0,5 puntos</p> |
| <p>4. Por participación en seccións bilingües ao longo da súa escolaridade. Por cada sección bilingüe na que participara ou estea a participar, ata un máximo de 1 punto : 0,25 puntos por cada curso.</p> |
| <p>5. Por pertencer a unha familia numerosa:</p> <p>a) de categoría especial: 1 punto</p> <p>b) de categoría xeral: 0,5 puntos</p> |
| <p>6. No caso de familia monoparental: 1 punto</p> |
| <p>7. Por discapacidade igual ou superior ao 33 % dos membros computables da unidade familiar, a puntuación indicada a seguir cun máximo de catro puntos:</p> <p>a) Alumna/o: 1 punto</p> <p>b) Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras: 0,5 puntos</p> <p>c) Calquera das irmás ou dos irmáns: 0,5 puntos por cada un</p> |
| <p>8. Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar: 1 punto (non acumulable)</p> |
| <p>9. Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar: 1 punto (non acumulable)</p> |

A baremación realizarase por parte do persoal técnico da Casa da Cultura Castelao (técnico de xuventude e bibliotecaria).

1 O alumnado deberá achegar a documentación acreditativa que xustifique os méritos e circunstancias alegadas.



2 Para a nota media contabilizan todas as materias cursadas menos Relixión ou a materia alternativa.

3 No caso de empate seguiranse estes criterios de desempate na orde na que aparecen, ata que un deles resolva a igualdade:

- 1º. Maior nota media das materias de bacharelato²
- 2º. Maior nota media das materias da ESO²
- 3º. Maior nota media da materia de Inglés en bacharelato
- 4º. Maior nota media da materia de Inglés na ESO

No caso de que prosiga o empate resolverase mediante un sorteo.

IMPORTANTE: para beneficiarse desta bolsa non poderán ter concedida outra bolsa que implique formación en inglés no estranxeiro durante o ano en curso. Non poderá participar rapazada con idade inferior a 16 anos.



ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “SALCEDA MOZA AO MUNDO”

DATOS DO/A ALUMNO/A:

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Data de nacemento:

Enderezo:

Correo electrónico:

Teléfono:

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL 1:

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Enderezo:

Correo electrónico:

Teléfono:

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL 2:

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Enderezo:

Correo electrónico:

Teléfono:

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO:

Nome do centro:

Localidade:

DATOS PARA A BAREMACIÓN DA SOLICITUDE:

Nota media de todas as materias da ESO cursadas, agás Relixión ou materia alternativa:

Nota media de todas as materias de 1º de bacharelato (1ª e 2ª avaliación), agás Relixión ou materia alternativa:

Nota media de Inglés da ESO:

Nota media de Inglés de bacharelato (1ª e 2ª avaliación):

Participante dalgunha sección bilingüe ao longo da súa escolaridade (SI/NON):

Familia numerosa xeral:





Familia numerosa especial:

Familia monoparental:

Discapacidade do/a alumno/a igual ou superior ao 33 %:

Discapacidade dalgún membro computable da unidade familiar igual ou superior ao 33 %:

Vítima de violencia de xénero (membros computables da unidade familiar):

Vítima de terrorismo (membros computables da unidade familiar):

Asinado:

Sinatura do/a alumno/a

Sinatura do/a representante legal 1

Sinatura do/a representante legal 2



DOCUMENTACIÓN:

DNI DO/A ALUMNO/A

DNI DE PAI E NAI E/OU TITOR/A LEGAL

CERTIFICADO EMITIDO POLO CENTRO ESCOLAR NO QUE SE RECOLLA:

- NOTA MEDIA DA ESO (AGÁS RELIXIÓN)
- NOTA MEDIA DE 1º DE BACHARELATO (1ª E 2ª AVALIACIÓN-AGÁS RELIXIÓN OU MATERIA ALTERNATIVA)
- NOTA MEDIA DA ESO NA MATERIA DE INGLÉS
- NOTA MEDIA DE 1º DE BACHARELATO NA MATERIA DE INGLÉS (1ª E 2ª AVALIACIÓN)

CERTIFICADO EMITIDO POLO CENTRO EDUCATIVO NO QUE SE RECOLLA A PARTICIPACIÓN DO ALUMNO/A NALGUNHA SECCIÓN BILINGÜE.

CERTIFICADO DE FAMILIA NUMEROSA

CERTIFICADO DE FAMILIA MONOPARENTAL

CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DE CALQUERA MEMBRO COMPUTABLE DA UNIDADE FAMILIAR

CERTIFICADO DE VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

CERTIFICADO DE VÍTIMA DE TERRORISMO

